



**Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza**

*Travesa dos Basquiños, 9, baixo  
15.704 Santiago de Compostela  
Tfno e fax: 981-570099  
Correo-e: [adega@adega.info](mailto:adega@adega.info)*

## ESCRITO DE ALEGACIÓNS

Fins Eirexas Santamaría, con DI XXXXXXXX-X, secretario executivo de ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza) NIF G-15044811, con enderezo a efectos de notificación na Travesa dos Basquiños 9, baixo, 15704, Santiago de Compostela, achega as seguintes

### ALEGACIÓNS

#### AO PLANO DE CONSERVACIÓN E INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL DO HUMIDAL PROTEXIDO “LAGOA E AREAL DE VALDOVIÑO” (DOG, nº 112. 13/06/2014)

#### CONSIDERACIÓNS PREVIAS

##### Primeira: Falta de rigor científico-técnico na elaboración do Plano de Conservación

No ano 2011, a Dirección Xeral de Conservación de la Naturaleza da Xunta de Galicia comprometérase a realizar un "Plano de Conservación" para o humidal da Lagoa de Valdoviño, que asegurase a súa conservación e xestión racional. A Dirección Xeral e posteriormente a propia Xunta de Galicia, indicou que o mencionado Plano sería redactado por "técnicos de recoñecido prestixio nos campos da ecoloxía, a botánica e a zooloxía, así como técnicos da propia administración e de entidades privadas". Esta promesa responde a un dos requisitos básicos en que se debe basear a xestión do Medio na Unión Europea (Tratado de Funcionamento da Unión Europea).

O documento técnico elaborado foi ocultado durante un longo período pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza e foi obtido por ADEGA a través da oportuna denuncia, por denegación de acceso á información ambiental, ante o Valedor do Pobo, obtendo finalmente un documento "apócrifo", elaborado en outubro-2012, no que soamente figura o anagrama da Dirección Xeral de Conservación da Natureza. O documento está ademais incompleto. A páxina 77, iníciase co apartado: 6.5 Datos hidrolóxicos e limnolóxicos, onde o subapartado "Hidoloxía" esta baleiro, observándose no documento un amplo espazo en branco, ata o comezo do subapartado "Limnoloxía".

En novembro do 2013, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, dentro do procedemento destinado a valorar a necesidade de someter o Plano de Conservación da Lagoa da Frouxeira, a Avaliación Ambiental Estratéxica, someteu a exposición pública un documento de inicio do Plano de Conservación para o Humidal Protexido "Lagoa e areal de Valdoviño (novembro-2013). Este

documento segue sendo anónimo, reducíndose considerablemente a información ambiental, en relación ao documento de outubro-2012. O documento non inclúe información sobre "Hidroloxía".

En xuño do 2014, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, someteu a información pública un novo documento do Plano de Conservación (xuño-2014). O documento mantén o seu anonimato e apréciase aínda unha maior redución da información ambiental en relación coa exposta nos documentos previos de outubro-2012 e novembro-2013, que se realiza sen ningún tipo de xustificación científico-técnica. O documento tampouco inclúe información sobre "Hidroloxía".

Estamos pois, ante un **documento que se realiza sen contar cun estudo "Hidrolóxico"**, e por conseguinte, **ante un documento no que non se abordan aspectos chave vinculados coa dinámica hidrolóxica natural do sistema nin coas posibles alteracións** ou perturbacións que poidan incidir sobre este. Sen información hidrolóxica non é posible establecer e desenvolver pautas ou medidas de xestión destinadas a asegurar a integridade do espazo protexido, o estado de conservación dos seus hábitats e especies, o estado ecolóxico do medio acuático e o uso racional do humidal.

### **Segunda: Escasa fundamentación bibliográfica**

Xunto coa redución da información ambiental, apréciase igualmente unha drástica redución nas referencias bibliográficas. No documento de outubro-2012 inclúense numerosas referencias de traballos técnicos e científicos, salientadas no capítulo de bibliografía. No documento de novembro-2013, elimináronse moitas das referencias bibliográficas, mantendo os textos orixinais, así como redúcese o capítulo de bibliografía no que agora soamente se incorporan catro citas. No último documento, xuño-2014, elimináronse todas as referencias bibliográficas no texto, mantendo ou modificando lixeiramente os textos, á vez que se elimina o apartado de bibliografía.

Ante estes feitos, podemos considerar que existen indicios racionais para cualificar o documento sometido a información pública (Plano de conservación da zona húmida protexida Lagoa e areal de Valdoviño e ou Informe de sustentabilidade ambiental. DOGA, nº 112. 13/06/2014), case como un "plaxio".

Segundo a Academia Galega, se entende como "plaxio", a apropiación fraudulenta dunha obra allea usando o traballo, as ideas, ou as palabras doutra persoa coma se fosen propias, sen acreditar de xeito explícito de onde provén a información. Suporía tamén unha vulneración da Lei de Propiedade Intelectual (aprobada polo Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril e modificado pola lei 5/1998 do 12 de abril).

### **Terceira: Un documento inadecuado para a xestión do humidal da Frouxeira.**

O documento do Plano de conservación segue a posuír as mesmas deficiencias alegadas por ADEGA ao documento de inicio de novembro de 2013, o que invalida a este documento como un instrumento para a planificación e xestión do Humidal Protexido "Lagoa e Areal de Valdoviño", polas seguintes razóns:

- Os obxectivos e medidas de conservación propostas seguen a ser xenéricas, non establecéndose prioridades e custos das actuacións.
- A normativa segue en gran medida á establecida no Plano Director da Rede Natura 2000, mais son precisas medidas específicas axeitadas ás necesidades de conservación dun humidal protexido de importancia internacional.

- Seguen a botarse en falla informes sobre funcionamento do estado hidroecolóxico do espazo para basear as intervencións propostas.
- Non se establece un protocolo de seguimento axeitado dos parámetros físicoquímicos e biolóxicos que permitan monitoroar o estado de conservación dos componentes do espazo, posto que non se establece a periodicidade das medidas, requerimentos técnicos, capacitación do persoal, etc.

Segue sen aportarse un estudo hidrolóxico da lagoa, así como un estudo dos riscos de inundación existentes, que permitan por en marcha unha xestión axeitada ás necesidades de conservación do espazo.

Cabe salientar ademais, que nin no documento de inicio de novembro de 2013, nin no documento que foi sometido a información pública, se informa do equipo redactor do documento, aspecto que porén sí que é consignado no Informe de Sustentabilidade Ambiental (ISA). Debería ser públicamente anunciado o equipo redactor dun instrumento de planificación dun espazo natural protexido, no que deberían incluírse os coñecementos científicos máis recentes e válidos en materia de medio ambiente e conservación da biodiversidade.

## ANÁLISE DETALLADA E PROPOSTAS

### 1.- Carencias na interpretación dos tipos de hábitat

No apartado de hábitats de interese comunitario faise unha comparación dos tipos de hábitats establecidos nos Formularios Normalizados de Datos e na Ficha Informativa Ramsar, comparándoa co listado do Plano Director da Rede Natura 2000. No documento rexéitase a presenza dos tipos de hábitats 1130 Esteiros e 1140 e Chairas lamacentas ou areosas non cubertas na baixamar, que sí aparecen na cartografía do Plano Director e considérase a presenza dubidosa dos hábitats das matogueiras costeiras (4040\*) e higrófilas (4020\*), ambos prioritarios. **Estas aseveracións non se fundamentan en ningún criterio ou argumento científico-técnico**, senón que se realizan de xeito arbitrario, diminuíndo o valor para a conservación do territorio.


Todas estas deficiencias amosan a incapacidade do grupo de redacción do traballo na caracterización e valoración dos compoñentes naturais e da biodiversidade. En todo caso, debería empregarse a información procedente de datos científicos, válidos e actualizados, e non realizar estas afirmacións carentes de xustificación ao abeiro dos criterios do Manual de Interpretación de Hábitats da Unión Europea.

### 2.- Obxectivos

Este apartado abrangue unha serie de prioridades e directrices con respecto aos diferentes compoñentes da biodiversidade. A redacción deste epígrafe resulta puramente teórica e non establece as medidas e normativa específicas para o espazo. Soamente se centra en “mellorar e completar inventarios”, “definir os estados de conservación”, “identificar e restaurar hábitats ou especies”, “potenciar a conectividade”, etc. Todos **aspectos futuros e potenciais**, cando **un Plano de conservación debería facer un diagnóstico real do espazo e incluír as actuacións futuras, así como unha normativa de uso e xestión** deixando moi claros os usos permitidos, autorizables e prohibidos no ámbito de protección.

### 3.- Identificacións de presións e ameazas

Con respecto do documento de inicio de novembro de 2013, no Plano de conservación sometido a información pública en 2014 **elimínouse unha parte moi importante da información** contida neste apartado. Parece que se **trata de ocultar información sobre as presións e ameazas que rodean ao espazo, e que corresponden á mala e pésima xestión levada a cabo pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza** durante os últimos anos. Sirva como exemplo máis significativo a eliminación da Figura 24 (páxina 56) do documento de novembro de 2013, na que se amosaba a progresión da sedimentación no vaso da lagoa como consecuencia dos procesos de alteración e apertura da barreira, manifestando a alteración continua e periódica á que vai sendo sometida a lagoa.



#### 4.- Zonificación

A zonificación é herdada do Plano Director da Rede Natura 2000 de Galicia e resulta inútil posto que soamente ten en conta como Zona 2 a liña intermareal, e como Zona 1 o resto, salvo os núcleos rurais que quedan incluídos na Zona 3. Tendo en conta que **na normativa non se fai unha diferenciación significativa nas normas de xestión do espazo segundo as unidades de zonificación, esta zonificación resulta un exercicio de inutilidade, ao igual que a propia normativa**. Non garanten ambas as dúas ferramentas a conservación e xestión do humidal para garantir o mantemento do estado de conservación dos recursos naturais.

#### 5.- Normativa

A normativa ven herdada directamente do Plano Director da Rede Natura 2000, mais non contempla aspectos relativos ao Humidal Protexido, Humidal de importancia internacional do Convenio de Ramsar, área protexida por instrumentos internacionais, Espazo Protexido Rede Natura 2000 e Zona de Especial Protección dos Valores Naturais. A normativa do Decreto 37/2014 para a Rede Natura 2000 xa se considera en vigor, polo que a elaboración e aprobación dun Plano de conservación para un humidal

protexido debería enfatizar o cumprimento dos obxectivos do Decreto 127/2008 e do Convenio de Ramsar.

Deste xeito a normativa resulta **demasiado xenérica e incluso incumpre os principios e criterios de normas de rango superior**. Os usos autorizables sempre se supeditan ao artigo 14, no que se inclúen as condicións xenéricas para os usos autorizables, sen embargo, para axustarse á lei, deberían contemplarse en cada uso autorizable por actividade as condicións específicas para o desenvolvemento da mesma sempre que non causase unha afección significativa sobre o estado de conservación dos componentes naturais do espazo. De manterse nesta redacción o Plano suporía un incumprimento da Directiva 92/43CEE e da Lei 42/2007, do patrimonio natural e da biodiversidade.

A normativa de usos agropecuarios e forestais resulta un “copia e pega” da incluída no Plano Director para todo o ámbito territorial da Rede Natura 2000 de Galicia, de xeito que se **inclúen aspectos que son totalmente inadecuados e ilegais na xestión do Humidal Protexido** “Lagoa e Areal de Valdoviño”: creación de novos pasteiros, cambios de uso, uso de xurros, eliminación de sebes e bosquetes, fumigación con equipos aéreos (autorizable en usos forestais, prohibida en usos agropecuarios), etc. Resulta increíble a redacción da “reforestación de rasos de máis de 15 anos”, supón unha involución de case 140 anos na xestión forestal, propoñendo unha xestión semellante á da monarquía de Alfonso XII coa Lei de 11 de xullo de 1877, encamiñada á repoboación de rasos con finalidade produtiva.

Outro claro exemplo da ignominia desta normativa queda reflectido na actividade cinxética, aínda que prohibida en todo o espazo natural, “excepcionalmente a xefatura territorial competente en materia de conservación da natureza da Coruña poderá acordar medidas de control co fin de reducir os danos que se poidan producir na agricultura, na gandaría, na silvicultura.”. **Novamente se deixa a normativa aberta á tutela da xefatura territorial do organismo competente, e non queda clara e informada públicamente**. Ademais, resulta de todo punto ilegal que **non se contemple unha medida básica sobre actividade cinxética en humidais da Rede Natura 2000, como é o artigo 62.3.j)** da Lei 42/2007, no que se prohíbe a posesión e **emprego de munición que conteña chumbo** no exercicio da caza e o tiro deportivo en zonas húmidas incluídas en humidais de Importancia Internacional do Convenio de Ramsar, na Rede Natura 2000, ou en Espazos Naturais Protexidos. Obviamente, a “Lagoa e Areal de Valdoviño” cumpre absolutamente e de xeito simultáneo todos estes preceptos.

## 6.- Programa de actuacións

Este apartado aborda unha serie de propostas que abranguen aspectos do funcionamento ecolóxico da lagoa, de conservación de hábitats e especies e de uso público. Sen embargo, o que deberían ser actuacións encamiñadas á mellora do estado de conservación dos compoñentes do espazo e á adecuación e minimización das presións e ameazas sobre o mesmo, inclúe **no primeiro apartado un protocolo de actuación da lagoa que soamente serve para manexala como un estanque artificial**. Ademais, con respecto ao documento de inicio de novembro de 2013, este protocolo **sufreu unha serie de modificacións e cambios, totalmente arbitrarios e sen xustificación científico-técnica e ambiental**, polo que provocan unha mingua na cautela que deben rexir nestas actuacións, e polo tanto se incrementa a incertidume e o risco de que se provoquen afeccións significativas sobre os compoñentes clave da biodiversidade do espazo.

Se no protocolo de novembro de 2013 facíase unha sectorización da barreira litoral, establecendo que no sector 1 se deberá prohibir a circulación de calquera vehículo, polo risco que supón para a seguridade das persoas e para a conservación dos recursos naturais, agora fálase de “Intentar na

medida do posible non afectar en ningún momento ó sector 1 e á barreira litoral”. **Non se xustifica por que antes era necesaria a prohibición e agora non é máis que unha recomendación.**

No documento sometido a participación pública en xuño de 2014 coméntase que a “A apertura da canle levarase a cabo principalmente no sector 2”, cando en novembro de 2013 comentábase igualmente que neste sector “Sobre a praia e sobre a barreira non debe circular ningún tipo de vehículo”, de xeito que neste sector soamente “debe prolongarse a canle de comunicación entre a lagoa e a Praia”. Novamente os cambios son arbitrarios e sen argumentación ou respaldo xurídico e científico, todo o contrario, supón **unha xustificación dunha actuación ilegal e que atenta á seguridade das persoas e á conservación do medio ambiente.**

**O devandito protocolo permite o acceso de maquinaria pesada aos sectores máis perigosos da barreira litoral, xa que soamente se inclúen recomendacións, que logo na práctica non son respetados, como vén de denunciar ADEGA en repetidas ocasións.** O descontrol e indefinición nas medidas é de tal calibre, que se propón como medida de seguridade o emprego de sacos de área nos vans da coiraza como dispositivos de retención, en caso de “baleirado importante da lagoa”. Non se asegura en ningún momento a seguridade para as persoas ou para os componentes clave da biodiversidade do espazo: **trátase dunha xestión totalmente teórica e incompreta, non xustificada dende o punto de vista legal, científico, ambiental ou da protección civil.**

## 7.- Referencias

A inclusión das referencias bibliográficas consultadas na elaboración do documento vai minguando de xeito paulatino. No borrador de xuño de 2012 facilitado a ADEGA por parte da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, incluíase un apartado bibliográfico de 8 follas, detallando todas as referencias empregadas ata o momento. Ese documento levaba tamén a indicación da autoría dun organismo universitario, o IBADER de Lugo. No documento de novembro de 2013, as referencias redúcense a soamente 4 documentos internos entregados á Dirección Xeral de Conservación da Natureza, desaparecen todos os artigos e publicacións científicas e de investigación do primeiro borrador. E finalmente no documento sometido a participación pública en xuño de 2014, desaparece ao completo o apartado de referencias bibliográficas. Elimínase por tanto toda xustificación científica dos argumentos empregados no Plano, e ao eliminar as citas no texto o Plano convírtese nun exercicio de plaxio a todos os autores eliminados.

## 8.- Informe de Sustentabilidade Ambiental (ISA)

O equipo redactor do ISA, composto por un enxeñeiro agrónomo, unha enxeñeira de montes, un licenciado en ciencias biolóxicas e outro en ciencias químicas, non posúe ningunha experiencia en planificación e xestión de espazos protexidos, conservación de humidais ou manexo de normativas e criterios de ámbito internacional. Todo o contrario, **os membros deste equipo levan traballado en materia de preparación de documentos de difusión de explotacións mineiras de ouro en Asturias ou mapas estratéxicos de ruído das estradas da Rede Autonómica de Galicia,** pero non posúe ningunha experiencia en aspectos como especies en perigo de extinción, restauración de hábitats, avaliación do estado de conservación ou elaboración de medidas de uso e aproveitamento sustentábel cos valores da biodiversidade.

Esta inexperiencia e visión produtivista do equipo redactor do ISA, carente de criterios de conservación, pode ser constatada nos contidos do documento. Erros na denominación e codificación das normativas vixentes, ou a non inclusión de ningún dos obxectivos da Lei 9/2001, Lei 42/2007, ou Decreto 127/2008,

indican a incapacidade do equipo para integrar os obxectivos dun humidal protexido incluído na Rede Natura 2000 dentro dun Plano de conservación.

## 9.- Análise de alternativas

Resulta vergoñento o xeito de propoñer diferentes actuacións absurdas e incongruentes co espazo natural, para finalmente elixir a “menos mala”, pero que en realidade non contribúe ao cumprimento dos obxectivos de conservación do humidal protexido. Establécense un total de 5 alternativas, **propoñendo nalgunhas unhas solucións que non poden ser consideradas como “alternativas”, posto que ao ser ilegais e incompatibles co espazo**, xa non deberían ser sometidas nin a análise de propostas. A “Alternativa 0” é non realizar ningunha actuación, o cal xa resulta imposible que ocorra porque a elaboración dun Plano de conservación inclúe nos seus obxectivos o desenvolvemento de medidas de conservación e xestión do espazo, co cal esta opción non é necesario valorala, en realidade non debería ser contemplada como “Alternativa 0”.

A Alternativa 1 ven a xustificar o manexo e xestión que ven realizando a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, mentres que as seguintes contemplan situacións inviables economicamente e que xamais se abordarían dende un Goberno que nunca se comprometeu coa conservación da natureza, ou propostas ilegais ao abeiro da propia normativa urbanística en vigor (Lei 9/2002). En definitiva, esta análise resulta unha burla e engano ao público, posto que en realidade é un exercicio falaz para chegar a elixir a Alternativa 1 porque “incorpora a maioría dos efectos favorables contemplados nas restantes alternativas, pero evitando a gran contestación social e o elevadísimo custo económico da alternativa 3; a maior afectación ao patrimonio natural, ao réxime hidrolóxico, así como tamén o maior custo económico da alternativa 2; e evita os problemas de descoordinación existentes na alternativa actual”.

## 10.- Usos do solo

No apartado de usos do solo elaborado con motivo deste ISA, inclúese como agrícola a superficie conformada por matogueiras costeiras de *Erica vagans* (Nat-2000 4040\*), consideradas un tipo de hábitat prioritario, o cal pode dar unha idea da capacidade do equipo redactor. Resulta este apartado incongruente co apartado de Unidades Ambientais, no que esas superficies constan como “Pendientes e depósitos costeiros alzados”, ao abeiro da cartografía do Plano Director da Rede Natura 2000 de Galicia. **A consideración dunha superficie como “agrícola”, cando en realidade abrangue hábitats naturais prioritarios, supón unha mingua significativa do valor de conservación do territorio**, e polo tanto pode permitir o desenvolvemento de plans ou proxectos que causen unha afección negativa sobre os compoñentes da biodiversidade.

De xeito análogo, gran parte das superficies abrangidas por ecosistemas dunares no apartado de “Unidades Ambientais”, constan no apartado de Usos do Solo como “Monte Alto”, denominación anárquica e carente de significado nun contexto de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade. Novamente, unha superficie conformada por hábitats prioritarios aparece representada como unha área carente de interese para a conservación.

## Consideracións finais

Tras a análise tanto do ISA como do Plano de conservación, queda en evidencia que a planificación deste espazo pretende poñer en marcha unha xestión á carta, totalmente subordinada aos intereses

urbanísticos e recreacionais e xustificar as aperturas irracionais do humidal, deixando nun segundo plano a conservación do noso patrimonio natural.

O Plano de conservación do Humidal da Frouxeira promovido pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza supón un modelo irracional de xestión do humidal Ramsar, destinado a transformar a lagoa costeira nun estanque, regulando as súas augas de maneira totalmente irracional e á marxe das necesidades de conservación dos hábitats e especies, e contradicindo o coñemento científico-técnico que na actualidade se dispón en relación coa xestión racional destes tipos de humidais.

Por todo o anterior, ADEGA, **SOLICITA:**

A retirada dos documentos sometidos a exposición pública e o inicio da elaboración dun novo Plano de xeito participativo contando desde o primeiro momento con técnicos das distintas administracións implicadas, representantes das entidades locais, grupos conservacionistas, científicos, investigadores e representantes da Secretaría do Convenio Ramsar.

Asinado,

Fins Eirexas, secretario executivo

**SRA. DIRECTORA XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA**  
**CONSELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**